




Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1
15300 Betanzos (A Coruña)
Tel. 981 770 011
Fax 981 776 529

www.betanzos.net
https://sede.betanzos.es
correo@betanzos.net



ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

SOLICITANTE

NOME:		APELIDOS:	
NIF/NIE:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO POSTAL:		CIDADE:	C.P.:
PROVINCIA:		ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

EXPOÑO:

PRIMEIRO. Que estou informado/a da convocatoria que realiza o Concello de Betanzos para:

- a) 2 condutores/as de limpeza viaria
- b) 5 peóns/oas de limpeza viaria

SEGUNDO. Que conforme á natureza das bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos Concellos da provincia de menos de 20 000 habitantes, anualidade 2018, (BOP n.º 94 do 21/05/2018) e mais concretamente segundo o establecido no apartado n.º 7, o Concello de Betanzos deberá realizar a contratación do persoal una vez que quede acreditada a condición de demandantes de emprego das persoas para contratar e de acordo cos principios de publicidade, concorrência, igualdade, mérito e non discriminación.

TERCEIRO. Que tendo en conta que cumpro todos os seguintes requisitos esixidos na base terceira, comprométo-me a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte.
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñan no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

POR ISO, SOLICITO

Que o Concello de Betanzos me admita no proceso de selección, para o que achego a seguinte documentación:

- D.N.I. ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
- Título ou acreditación do requisito de titulación. O título requirido para cada un dos postos é o seguinte:
 - Posto de condutor/a de limpeza viaria: graduado escolar ou equivalente, así como o carnet de conducir B. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredita fidedignamente a súa homologación.
 - Posto de peón/oa de limpeza viaria: certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

AUTORIZO

Ao Concello de Betanzos a que me comunique as actuacións derivadas deste expediente a través de SMS, ao número de teléfono enriba indicado.

LUGAR:	DATA:	SINATURA:
---------------	--------------	------------------

INFORMACIÓN SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é Concello de Betanzos, con enderezo Edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RN, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos utilizaranse para prestarlle o servizo solicitado nesta instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supor a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo. 4. Destinatarios/as de cesións. O Concello de Betanzos non cederá os seus datos de carácter persoal. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade destes. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.